



O capitalismo global máis concentrado, hexemonizado polo gran complexo financeiro-militar-industrial asentado principalmente nos Estados Unidos de América (EUA), ingresou nunha profunda crise que o afecta sensibelmente. Os abusos do 'libre comercio' cometidos desde os mecanismos de especulación financeira e inmobiliaria, que pasaran a ser o motor principal do desenvolvemento capitalista, derivaron nun desaxuste xeral da cadea de negocios e, a esta altura, de toda a economía nun sentido máis xeral. Ficou transparente a crise máis severa do capitalismo desde aquela de 1930.

Crise e agresividade no imperialismo de hoxe

Se entendemos que o réxime do capital, aínda na súa deterioración, continúa determinando o sentido principal dos acontecementos internacionais, deberemos ter en conta estas situacións á hora de pasar revista a cada un dos aspectos da situación do mundo.

É evidente que o dominio imperialista pola vía do maior desenvolvemento industrial e da capacidade financeira se ve debilitado. A demanda de produtos redúcese e o crédito encárase cada vez máis.

O proceso de centralización e concentración do capital agudízase e o peso dos circunstanciais gañadores da poxa intermonopólica cae en círculos concéntricos, como unha pedra arroxada á auga serena, en contra dun amplo espectro que vai desde os monopolios 'perdedores', até o máis humilde dos indixentes da Terra. A onda expansiva conmociona no centro e deixa pouco ou nada aos que se sitúan nas periferias.

O ciclo político iniciado co auxe neoliberal e a caída do 'socialismo real' europeo vaise esgotando ou, polo menos, transformando, deixando paso a unha nova realidade difícil de describir polo alto grao de incerteza que a caracteriza, mais que xa non é a da expansión capitalista, nin a do dominio unipolar dos EUA.

A reacción dos círculos de poder de Washington ante a situación que enfrontan é unha forte e decidida opción polo militarismo e a guerra, cada vez máis intensa, á vez que se

impoñen axustes antipopulares nas economías dos países capitalistas centrais que van terminando co 'estado de benestar' que identificaba case todos eles, impondo unha transferencia salvaxe de recursos desde os traballadores e sectores populares cara ao rescate dos monopolios financeiros para sacalos do pantano da quebra.

Prodúcense entón dous fenómenos: á vez que se despregan flotas, bases e tropas por todas partes, caen os empregos, os salarios e vellos dereitos sociais adquiridos, como subsidios, xubilacións e outros que beneficiaban relativamente o sector obreiro e popular.

De novo a vella e sinxela consigna de 'Paz, pan e traballo' volve cobrar vixencia.

O MILITARISMO E A GUERRA. *Os países de hoxe con problemas piden o tipo de administración estranxeira iluminada que noutros tempos forneceron os [...] ingleses... Max Boot, Membro Senior do Consello de Relacións Exteriores (Council of Foreign Relations) dos EUA. Editor de The Wall Street Journal.*

A avanzada militarista aséntase en que, desde hai tempo, Washington fixo do seu poderío bélico o factor diferencial que o sitúa como única superpotencia global¹. E hoxe a ese

¹ Actualmente o gasto militar global de EUA é máis impresionante que nunca. Baixo o Presidente Obama —cuxa administración propuxo recortar uns poucos e custosos sistemas anticuados de arma-

JORGE ALBERTO KREYNES

Xornalista e analista internacional, é

secretario de Relacións Internacionais

e membro da Comisión Política do

Comité Central do Partido Comunista da

Arxentina



factor debe sumarse o dato de que, no medio do barullo xeral que afecta toda a Unión, é só o seu aparello militar o que queda sólido e mellor constituído, reforzando o seu poder tanto na definición da política exterior como engrosando o seu peso específico na

mento— os Estados Unidos de América gastará máis de \$500 billóns de dólares ao ano para financiar as súas forzas armadas e manter a súa *Baseworld* (Mundo de Bases). Así chama o autor e analista de política exterior Chalmers Johnson á estendida rede de campamentos que o país ten no estranxeiro. Oficialmente os EUA contan con 737 bases en todo o mundo, cun valor total de \$127 mil millóns de dólares e que cobren case 2.800 quilómetros cadrados nuns 130 países. “Hai moitos anos, podíase seguir a extensión do imperialismo contando as colonias, escribiu Johnson no seu libro *Némesis: os últimos días da república norteamericana* (2007). A versión norteamericana da colonia é a base militar”.

Johnson explica: “O propósito de todas esas bases é a *proxección de forza*, ou manter a hexemonía militar norteamericana sobre o resto do mundo. Elas facilitan o noso ‘labor policial’ do globo e a intención é garantir que ningunha outra nación, amigábel ou hostil, pode retarnos militarmente”. Desde a fin da Guerra Fría, posuír tal poder incontestado é algo declarado da política de defensa dos EUA. Mark Engler, analista de *Foreign Policy In Focus*, é o autor de *Como dominar o mundo: a batalla que se achega pola economía global* (Nation Books, 2008). Pódese contactar por medio do sitio web <http://www.democracyuprising.com>

orde interna. O Pentágono, por tanto, pasa a ocupar o papel central na vida política dos EUA.

Ao seu despregamento militar posterior á Segunda Guerra e durante o período da Guerra Fría, sumou a ocupación de Iraq e Afganistán e instalado o escudo antimísiles no centroeste de Europa. E hoxe desenvolve intensos movementos agresivos contra Irán, nas proximidades da Península Coreana e, non debemos descoidarnos, tamén en América Latina.

É que na nosa rexión o neoliberalismo e a súa crise, e o intento de envorcala sobre os traballadores e os pobos, xeraron resistencias populares con diversas hexemonías ideolóxicas que deviñeron en gobernos que, en maior ou menor medida, as representan e que resultan limitantes ao poder global imperialista. Por iso, despregan agora unha estratexia ‘interaxencial’ que tenta ordenar todos os instrumentos do seu poder para unha guerra de dominación integral que inclúe a comunicación, a economía e especialmente a imposición da forza para soste o seu dominio, sexa polo consenso, sexa polo peso das armas.

A República Islámica de Irán, a República Democrática Popular de Corea, a República Bolivariana de Venezuela e Cuba socialista son os brancos preferentes dos seus ataques. Mais en verdade as apetencias imperiais inclúen, respectivamente, as riquezas de todo o Medio Oriente e Asia Central, unha ameaza a China e Rusia, e o intento de recuperar terreo perdido no seu vello ‘patio traseiro’—América Latina e o Caribe— sen excluír o continente africano.

Contan cun poder misilístico e de destrución nuclear que ningunha nación ou alianza de nacións podería igualar. Domina os mares e pode alcanzar por vía aérea calquera lugar do mundo en menos de 24 horas. E nestes días aproveita ao máximo os seus aliados nas rexións, como Israel, Corea do Sur-Xapón e Colombia-Panamá-Costa Rica, ou as súas xa mencionadas forzas invasoras, para utilízalas



como bases de aproximación ao servizo dos seus obxectivos.

Un forte gasto militar no medio dunha economía en crise é verdadeiramente perigoso para as contas públicas e a solidez dun sistema. Mais parece ser o alimento de quen hoxe toma as verdadeiras decisións en Washington.

Hai quen sinala que os EUA non puideron, despois de moitos anos e por diversas razóns, terminar vitoriosamente as guerras de Iraq e Afganistán. Mais outros aducen que o asunto non é gañar esas guerras, senón sostelas no tempo para capitalizar a rendibilidade dos gastos. É posíbel pensar nunha combinación de ambas as cousas.

A FIN DO ESTADO DE BENESTAR.

O axuste que se prepara nos países centrais a un prazo de cinco anos, no mellor dos casos, implicará, por exemplo, a perda gradual de 1.300.000 postos de traballo públicos e privados no Reino Unido, segundo desvendara o diario *The Guardian*.

Os problemas financeiros e de déficit carrexados pola crise económica global serán afrontados pola Comisión Europea (CE) mediante a aceleración da reforma das xubilacións.

A CE advertiu que a idade mínima de xubilación nos países membros da Unión Europea (UE) podería incrementarse progresivamente até os 70 anos para evitar máis recortes nas pensións, segundo alertou Prensa Latina.

A reforma da xubilación deberá afrontar as súas consecuencias sobre o aumento do desemprego, pois a maior cantidade de xubilados, maiores posibilidades de empregos, e mentres haxan menos, menos prazas quedasen vacantes para quen aínda non teña traballo.

Até a data, hai uns 23 millóns de desempregados na UE, dos cales 15 millóns atópanse na chamada Eurozona.

A chanceler alemá, Angela Merkel, presentou recentemente un orzamento rigoroso para 2011, primeira fase dun plan co que quere aforrar máis de 80 mil millóns de euros de agora a 2014 e que, se se aproba, será o máis duro desde a Segunda Guerra Mundial, informou AFP.

Para iso, modificará a política de subsidios a desempregados e persoas con dereito a axuda para o aloxamento e reducirá os subsidios por fillos. Ademais, pretende eliminar entre 10 mil e 15 mil empregos públicos.

Namentres, fóra da zona euro, o primeiro ministro británico, o conservador David Cameron, dixo que os problemas orzamentarios do seu país son aínda peores do que adiantara, aínda que non tan graves como en Grecia.

Segundo Notimex, Cameron indicou que o seu goberno prepara recortes dolorosos no gasto público para tentar atallar o crecente déficit público de 156 mil millóns de libras esterlinas, máis de 226 mil millóns de dólares.

“As decisións que tomemos afectarán todas e cada unha das persoas



neste país. E os seus efectos durarán anos, talvez décadas”, declarou Cameron, dúas semanas antes de presentar ao Parlamento un orzamento de emerxencia, que implicará inevitavelmente decisións difíciles en grandes áreas de gastos, como o pagamento de pensións e beneficios.

“A menos que actuemos agora, os pagamentos dos intereses dentro de cinco anos poden terminar sendo máis altos que a suma gastada en escolas, loita contra o cambio climático e transporte xuntos”, indicou.

Jean-Claude Paye², acaba de sinalar, no seu traballo *Crise do Euro, Crise da Unión Europea*, que “Lonxe de ser resultado da acción da ‘invisíbel man do mercado’, a crise do euro é froito dunha estratexia pacientemente preparada por Christina Romer³ e o Comité de Conselleiros Económicos da Casa Branca. O obxectivo é salvar a economía estadounidense obrigando os capitais europeos a cruzaren o Atlántico en busca de protección e pondo en definitiva baixo control estadounidense a economía dos Estados da Eurozona, a través do FMI e da propia Unión Europea”.

Son só algúns datos indicativos da dimensión da crise, do sentido antipopular dos axustes nos países centrais e do avance do proceso de centralización e concentración do capital. Aínda máis grave preséntase a situación en países como Grecia, España, Portugal, Islandia e outros.

Lamentablemente, os traballadores e pobos de Europa, EUA e Xapón, e as súas organizacións, atópanse en difíciles condicións para encararen eses plans, polas ideas preestabelecidas entre a maioría delas que lles impediron unha previsión adecuada destes

fenómenos e, por tanto, non atinan a tomar as medidas de loita que as circunstancias demandan. A máis importante excepción atopámola en Grecia, onde vén dando unha loita exemplar cun gran papel do Partido Comunista (KKE) e da PAME (Fronte militante de todos os traballadores). Algunhas accións de forza desenvolvéronse despois do receso do verán setentrional en España. Mais é de prever que novas demandas, loitas, folgas e mobilizacións se despreguen máis adiante.

TRES FRONTES. Mentres tanto, os EUA despregan as súas forzas militares nos mares do extremo oriente co pretexto do armamentismo nuclear norcoreano. Un impresionante exercicio naval realizouse nas costas coreanas, implicando unha ameaza para o leste de Rusia e para a República Popular China, país este último cuxo nivel de desenvolvemento constitúe unha alternativa que afecta os sórdidos e mesquiños intereses do comando estadounidense.

Fidel Castro encargouse de denunciar os desprazamentos navais dos EUA e Israel que se dirixen contra Irán tamén co argumento do suposto armamentismo nuclear da República Islámica. Brasil e Turquía acababan de subscribir con Teherán un acordo para o tratamento pacífico do enriquecemento de uranio iraniano. Mais os EUA e a UE decidiron sancións que fixeron estalar tal convenio, demostrativo de que no mundo existe unha forte tendencia ao xurdimento de novos suxeitos de peso na política internacional que pon en cuestión a unipolaridade das últimas décadas.

A situación creada ao redor dese acordo tripartito condenado á morte súbita leva a reflexionar acerca da necesidade de impulsar un proceso de construción de novos suxeitos internacionais, seguramente rexionais e –por que non?– intercontinentais, indispensábeis para exercer de contrapesos ao imperialismo no seu estado actual.

En América Latina e o Caribe, o centro das operacións do Pentágono é

2 Jean-Claude Paye. Sociólogo belga. Últimas obras publicadas: *Global War on Liberty*, Telos Press, 2007; *El Final Del Estado De Derecho: La Lucha Antiterrorista: Del Estado De Excepción A La Dictadura*, Argitaletxea Hiru, 2008

3 Xefa do Comité de Asesores Económicos da Administración Obama.



Colombia, onde se instaloron sete novas bases dos EUA. A xestión de Uribe co Plan Colombia e o Plan Patriota transformou o país no Israel de América do Sur, e agora agréganse novos dispositivos en Costa Rica⁴ e Panamá,

4 O pasado 1 de xullo, o Congreso de Costa Rica autorizou a chegada de 46 buques de guerra e 7.000 tropas estadounidenses ás costas costarrriqueñas para realizar operacións militares, misións antinarcóticos e supostas accións humanitarias na rexión. Segundo a prensa costarrriqueña, a maioría das naves de guerra son fragatas cunha lonxitude de 135 metros, con capacidade para transportar dous helicópteros artillados SH-60 ou HH-60B-Blackhawks, ademais de 200 marines e 15 oficiais en cada un. Mais outras naves e portaavións, como o USS Making Island, teñen a capacidade para transportar 102 oficiais e case 1.500 tropas, e están artillados e preparados para o combate intensivo. Poden transportar 42 helicópteros CH-46, cinco avións de combate duro AV-8B Harrier e seis helicópteros Blackhawk. Tamén

ademais dos existentes en Aruba e Curaçao, colonias de Holanda.

De xeito evidente, trátase dun esforzo por soste unha unipolaridade á baixa no económico e no político e, en certo xeito tamén, no cultural, aínda que non debe desprezarse a potencialidade negativa do poder comunicacional con que conta o imperio.

Algúns teóricos ven, xunto á deterioración da unipolaridade ianqui, a posibilidade dun caos ante a falta dun poder reitor dos asuntos globais. En primeiro lugar, cabe sinalar que tal derrube, en caso de producirse, debe imaxinarse como unha transición

se autorizou a entrada de submarinos de combate, naves tipo catamarán, un buque hospital e vehículos de recoñecemento e combate coa capacidade de movemento tanto por mar como por terra. Poderá ingresar a Costa Rica o buque USS Freedom, coa capacidade para combater submarinos. O acordo inclúe inmunidade para os efectivos ianquis.



Carlos Latuff é un debuxante, nacido o 30 de novembro de 1968 en Río de Janeiro, Brasil. publicou traballos en DMagazine (Italia), Monthly Review e Power of Working Class (Corea do Sur) entre outras. Os seus traballos

támén son fáciles de atopar por Internet. "Terra e Tempo" púxose en contacto con el para solicitar a súa autorización para reproducir os deseños ao que el accedeu pois a súa obra pona a disposición gratuita de quen comparta as causas coas que está comprometido, como é o caso da loita do pobo palestino.

En 2002 a organización con sede en Suíza Aktion Kinder deas Holocaust demandou a Indymedia de Suíza polo cargo de antisemitismo. A razón debíase á publicación na páxina web de devandita organización da serie Todos somos Palestinos asinada e realizada por Latuff. En concreto pola imaxe dun neno Xudeu no guetto de Varsovia dicindo "Eu son palestino".

O proceso foi suspendido pola corte Suíza. O texto oficial di o seguinte:

"Ata se o observador fose influído emocionalmente contra o pobo Xudeu con este debuxo, non é devandito pobo xudeu quen está sendo criticado nel, senón o seu comportamento político con respecto aos palestinos. A obra non é unha caracterización dos Xudeus, senón da súa postura co actual conflito. En ningún momento estase negando a igualdade constitucional dos Xudeus como seres humanos".

cuxa velocidade é difícil de determinar, polo que é válido pensar na posibilidade e necesidade de impulsar e potenciar, xunto á loita dos pobos por paz, pan e traballo, a emerxencia de novos suxeitos da política internacional, como a UNASUR ou a Organización de Cooperación de Shanghai, ou os acordos parciais dos que forman parte Rusia, China, India, Sudáfrica, Brasil e outros países, para pór coto á desesperada agresividade imperialista

Tal agresividade pode conducir mesmo a unha guerra nuclear de terribes consecuencias que, á súa vez, pode afectar as conclusións de calquera análise previa a ela.

Mentres tanto, reaparece a figura marcada hai tempo por Paul Kennedy⁵: a 'sobreextensión estratéxica'. Este autor británico sinalou que os imperios caen cando pretenden abarcar máis poder e máis territorios dos que poden controlar.

UNIPOLARIDADE, SOBREENXTENSIÓN E ALTERNATIVAS. Vale reflexionar entón acerca da relación existente entre o crecemento expansivo do esforzo militar dos EUA, cada vez menos acompañado polos seus aliados, e os seus problemas internos, especialmente nos terreos económicos e financeiros por unha banda e os políticos e sociais polo outro⁶. Xa se notan

5 Historiador británico especializado en relacións internacionais

6 Ver 'Crisis socavará influencia mundial'. Análise de Jim Lobe (ipsnoticias.net/nota.asp?idnews=89903)

impulsos cara ao tratamento represivo no interior dos EUA, como é o caso da situación dos inmigrantes en Arizona, que non é só un asunto dese Estado.

A sobreextensión militar sen sustento interno abre todo un terreo de riscos á estabilidade nos EUA e o mundo que mostra como verdadeiramente irresponsábeis as accións que hoxe se están despregando desde as esferas do poder central.

Tal cadro leva a non descartar que algúns, aínda máis irresponsábeis que a media de Washington, estean a pensar nunha 'solución final', pondo incluso o sostén do dominio unipolar por encima dos mínimos principios de supervivencia da Humanidade.

Entón Paz, Pan e Traballo son lemas que deben unirse inexorablemente nas consciencias da Humanidade, e iso implica unha contraofensiva popular en demanda de todos os dereitos, contra todas as discriminacións, contra todas as exclusións, en todas partes do mundo. Estamos obrigados a acelerar os pasos de construción de todo o alternativo ao imperialismo pretoriano cunha amplitude de criterios, de obxectivos e de alianzas que responda estritamente ás necesidades da hora.

As batallas locais e parciais e un internacionalismo que non descrea da posibilidade de inflixir derrotas ao imperialismo e non abandone a loita por revolucións populares, poden unificarse, deixando de lado antinomias absurdas e liñas divisorias que non son as que a situación de hoxe nos está a reclamar ■